## ACTA DO FALLO DA "XXVII EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL - ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ".

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as trece horas e dez minutos do día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde - Presidente do Concello de Paradela como Presidente;; D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. José Antonio Giz Paz (director de Galicia Digital) e D. Ángel Fernández López (escritor e fillo predilecto de Paradela) como vogais; e Dª. Ruth López – Mosquera García, Secretaria do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, D. Xavier Rodríguez Barrio, D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse novecentas trece (913) obras, das cales trescentas noventa e seis (396) obras corresponden á categoría de poesía, e catrocentas noventa (490) obras á de narrativa, e trinta e oito (38) obras, na modalidade especial do Camiño de Santiago.

A continuación o xurado procedeu a cualificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas, sinalando o nivel alto dos participantes.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO**.- Outorgar o primeiro premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o título **"Cabaleiro Branco"**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a Rafael Catoira Rey, da Coruña.

- Outorgar o segundo premio de **POESÍA**, á obra presentada co título **"Los adornos de la casa"**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a Leonardo Iglesias Contín, de Córdoba (Argentina).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA:**

— **Primeiro Accésit**, a obra cobra *presentada baixo* o título **"Trasacordo"**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a Eva María Teijeiro Suárez, de Lugo.

— **Segundo Accésit**, á obra presentada co título "**Los intentos de la imagen**" cuxo autor é Rodolfo Novelo Ovando de Quintana Roo (México).

A mención de Honra recaeu, na obra baixo o título "**La navaja de las horas**", baixo o lema "Oboe". Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a Juan Molina Guerra, de Ubrique (Cádiz).

**SEGUNDO.-** Outorgar o primeiro premio de **NARRATIVA**, á obra presentada co título "Aldonza de Compostela", baixo o lema "Cantora". Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a Julio Romero Suárez, de Arteixo (A Coruña).

- Outorgar o segundo premio de **NARRATIVA**, á obra baixo o lema **"El hombre nace libre, responsable y sin excusas"**, e co título **"En la región de Járkov"**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Diego Barnadori** de Buenos Aires (Argentina).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA:**

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o título "**Desahuciados**", co lema "**Clara Campoamor**" compróbase que o seu autor é Salvador Vaquero Montesino, de Cáceres.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título **"Pliegues en el Tiempo"**, co lema "Buddy Berlín" sendo o seu autor Joaquín Correa Barco, de Aljaraque (Huelva).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o título **"La metafísica del Árbol"**, co lema "**Aprendamos de la pandemia**" cuxo autor é Nikolay Pertóvich Polozháev, de Murcia, e a obra baixo o título **"Hermoso o rancio"**, pertencendo a Jaime Mateo Barroso, de Madrid.

**TERCEIRO**.- Outorgar o premio de **MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO**, á obra presentada baixo o título "**Stella Matutina**", co lema **"Xéminis"**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a Jesús Alfonso Parada Jato, de Caurel (Lugo).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO:**

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o título **"Peregrino caminero en Paradela"**, compróbase que a obra pertence a Alberto Luis Collantes Núñez, de Madrid.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título **"Una parte del camino"**, sendo o seu autor Rubén González Chana, de Lieres (Asturias).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra co título **"Llega un peregrino a Paradela"**, baixo o lema **"Parar es avanzar"** cuxo autor é Álvaro García Peralta, de Sevilla; a obra baixo o título **"Risa Desvencijada"**, pertencendo a Gustavo Horacio Guevara Ramos, de Barcelona.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos, do que eu, como Secretaria dou fe.

Asdo: D. José Manuel Mato Díaz

Asdo: D. Xesús Mato Mato

Asdo: D. Xulio Xiz Ramil

Asdo: José Antonio Giz Paz

Asdo: D. Ángel Fernández López

Asdo: Dª. Ruth López – Mosquera García